

ANUNCIO

ADXUDICAR O CONTRATO DE ARRENDAMENTO MONTE PENA LEOIRAS PARCELA 224, POLÍGONO 12

Con data do 19-06-2025, a Alcaldía do Concello de Rianxo ditou a Resolución nº 742/2025 que se transcribe a continuación:

ARRENDAMENTO MONTE PENA LEOIRAS PARCELA 224, POLÍGONO 12

En relación co expediente núm.2025/X999/000359

Considerando que era conveniente para este Municipio o arrendamento do ben referido para sacarlle unha maior rendibilidade o patrimonio municipal que non esta afectado a ningún servizo público e visto os gastos que supón o mantemento e limpeza do mesmo.

Por providencia de alcaldía 14.03.2025 iniciouse expediente 2025/X999/000359 de arrendamento do seguinte ben solicitando informe de valoración e prezos de mercado así como posibles usos:

Referencia catastral	15073A012002240000FY
Localización	Polígono 12 parcela 224 MONTE PENA LEOIRAS
Clase:	PATRIMONIAL
Superficie:	233680
Uso:	MONTE
Linderos:	VER REFERENCIA CATASTRAL ,VARIOS
Título de adquisición:	Ver Inventario
Cargas ou gravames:	NON EXISTEN
Destino do ben:	MONTE
Outras circunstancias relevantes:	XESTIONOUSE COMO MONTE CONSORCIO ATA O 05.05.2021

De conformidade co artigo 92 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, o usuario deberá satisfacer un prezo ou canon non inferior ao 6% do valor en venda dos bens. Non Será necesaria subasta se non supera os 5 anos.

Visto o informe o departamento de Urbanismo no que se indicou de data 2 de maio de que o valor da hectárea e de 6610€ no que se adxuntan planos da zona

A vista de que se se queren arrendar un total 44000 hectáreas dan un valor de 29745€, visto que o ascende a un total de 1784,7 € / anuais

Consta con rexistro de entrada (202500000001186) RE 1186 DAVID RIAL FIGUEIRAS en representación de Cazapitas SL cif 70446232 escrito no que mostra interese no arrendamento da parcela

Visto que o arrendamento se vai a facer por un período inferior a 5 anos e que 1786,7 € non

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 740.660 exp. 2025/X999/000359

superando o 5 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento corresponde a alcaldía a adxudicación directa do arrendamento de acordo co previsto no artigo 92RB.

O 06-05-2025, ditouse resolución 514/2025 Iniciando o expediente da arrendamento da finca con referencia 15073A012002240000FY patrimonial propiedade deste Concello descrito nos antecedentes por un importe mínimo de 1784,7 € / anuais. E convidavase á Cazapitas SL cif 70446232 a participar no procedemento de arrendamento para a súa adxudicación presentando a correspondente oferta no que se indique prazo arrendamento non superior a 5 anos e importe anual mínimo de 1784,7€

Remitiuse invitación o 06-05-2025 notificouse invitación a Cazapitas SL recibindo notificación o 07-05-2025

Constan certificados estar o corrente coa facenda tributaria, de data 17 marzo de 2025, coa Atriga de data 17 de marzo de 2025 e coa Seguridade Social do 17.03.2025, consta informe da tesoureira municipal e da Deputación da Coruña de data 4 de xuño de 2025 de Cazapitas SL

Consta oferta presentada con rexistro de entrada num 02599900001405 dp 11/06/2025 de Cazapitas SL presentada por Manuel Dominguez Calzado ata o 31 de decembro de 2025 de 4,5 hectáreas po 406 euros/ha ano

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Alcaldía de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO. Adxudicar o contrato de arrendamento do ben inmovible descrito nos antecedentes 15073A012001130000FX a Cazapitas SL 3555795A nas condicións que figuran na súa oferta dende o 1 de xullo de 2025 ata o 31 de decembro de 2025 por importe de 1827 €

SEGUNDO. Notificar a Cazapitas SL, persoa adxudicataria do contrato, a presente Resolución, posteriormente formalizárase o contrato de arrendamento

TERCEIRO. Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello a efectos do seu xeral coñecemento.

Rianxo a 23 de xuño de 2025
Asdo. O Alcalde, Julian Bustelo Abuin